

MATERIA

Estrutura Económica Mundial II:
Desenvolvemento Económico

TITULACIÓN

Grao en Economía

unidade
didáctica
1

Desenvolvemento económico: Conceptos, teorías e realidade

María del Carmen Sánchez Carreira,
Óscar Rodil Marzábal

Departamento de Economía Aplicada
Economía Aplicada
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2013

Deseño e maquetación

J. M. Gairí

Edita

Edicións USC

<https://www.usc.gal/publicacions>

DOI

<https://dx.doi.org/10.15304/9788415876588>

MATERIA: Estrutura Económica Mundial II: Desenvolvemento Económico

TITULACIÓN: Grao en Economía

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

Unidade I. Desenvolvemento Económico: Conceptos, teorías e realidade

Introdución

Desenvolvemento e subdesenvolvemento

A economía do desenvolvemento e as diversas teorías

A configuración do centro e a periferia na economía mundial: do imperialismo ao neoimperialismo e mundialización

O desenvolvemento capitalista no centro e na periferia

As relacións centro-periferia

A débeda externa e a axuda ao desenvolvemento como mecanismos de dependencia

Os países subdesenvolvidos na economía mundial actual

Unidade II. Os recursos naturais e a cuestión ambiental

Introdución

O ambiente no pensamento económico

As funcións económicas dos ecosistemas

Os problemas ambientais

Definición e tipoloxía de recursos naturais

Enfoques sobre economía e medio natural

A contabilización dos recursos naturais e o medio ambiente: dificultades e alternativas

Os límites ecolóxicos ao crecemento. A posibilidade dun desenvolvemento sustentable?

Unidade III. Os sectores económicos a nivel mundial e a súa influencia no desenvolvemento

Introdución

A agricultura e a alimentación a nivel mundial

A industria e os procesos industrializadores no mundo

A terciarización da economía mundial

Unidade IV. Crise, desigualdade e pobreza

Introdución

Análise espacial da economía mundial

Heteroxeneidade e desigualdades no crecemento

As crises actuais: contradicións do desenvolvemento capitalista

As diferentes crises do sistema capitalista

A concentración a escala mundial e a internacionalización da pobreza

ÍNDICE

PRESENTACIÓN

Os obxectivos

Os principios metodolóxicos

Os contidos básicos

1. Introducción
2. Desenvolvemento e subdesenvolvemento
3. A economía do desenvolvemento e as diversas teorías
 - 3.1. O nacemento da economía do desenvolvemento
 - 3.2. As teorías sobre o desenvolvemento económico
4. A configuración do centro e a periferia na economía mundial: do imperialismo ao neoimperialismo e mundialización
 - 4.1. A expansión do capitalismo: o imperialismo
 - 4.2. Os procesos de independencia: neoimperialismo e neocolonialismo
 - 4.3. Quebras históricas do sistema
5. O desenvolvemento capitalista no centro e na periferia
6. As relacións centro-periferia
7. A débeda externa e a axuda ao desenvolvemento como mecanismos de dependencia
 - 7.1. A débeda externa e a crise do sistema monetario internacional
 - 7.2. A axuda ao desenvolvemento como mecanismo de dependencia
8. Os países subdesenvolvidos na economía mundial actual

Actividades propostas

Avaliación da unidade didáctica

Anexos

Anexo 1. Actividades sobre a realidade socioeconómica dos países desenvolvidos e subdesenvolvidos

Anexo 2: Comentario de texto

Bibliografía

PRESENTACIÓN

A unidade didáctica «Desenvolvimento Económico: Conceptos, Teorías e Realidade» pertence á materia Estrutura Económica Mundial II: Desenvolvimento Económico, correspondente ao segundo curso do Grao en Economía. Segundo o plan de estudos da titulación (BOE nº 56, de 5 de marzo de 2010), dita materia ten carácter obrigatorio. A súa carga lectiva é de 6 créditos ECTS e temporalmente impártese no segundo cuatrimestre.


Esta materia forma parte do módulo Estrutura Económica e Desenvolvimento, conformado por cinco materias obrigatorias e unha optativa. O sentido que adquiren dentro do plan de estudos as materias que compoñen este módulo é proporcionar ao alumnado un coñecemento xeral e específico do contexto económico real no que desenvolverá a súa futura actividade profesional. Ademais, preténdese que con estas materias o alumnado adquira a capacidade analítica necesaria para interpretar os fenómenos e enfrontarse aos novos escenarios que xurdan na economía mundial, europea, española e galega, que están suxeitas a cambios continuos. Como se pode observar na seguinte figura, o módulo comeza coa materia Estrutura Económica Mundial I de primeiro curso, continuando en segundo coa materia Estrutura Económica Mundial II: Desenvolvimento Económico. Posteriormente, en terceiro curso, impártese as materias Estrutura Económica de España e da Unión Europea, Estrutura Económica de Galicia e, Desenvolvimento Rexional e Desenvolvimento Local. Por último, no cuarto curso, ofértase a materia optativa de Desenvolvimento Económico e Sustentabilidade.

Módulo Estrutura Económica e Desenvolvimento

1º curso	2º curso	3º curso	4º curso
Estrutura Económica Mundial I	Estrutura Económica Mundial II: Desenvolvimento Económico	- Estrutura Económica de España e da Unión Europea - Estrutura Económica de Galicia - Desenvolvimento Rexional e Desenvolvimento Local	Desenvolvimento Económico e Sustentabilidade
MATERIAS OBRIGATORIAS			MATERIAS OPTATIVAS

Estrutura Económica Mundial II: Desenvolvemento Económico é continuación da materia Estrutura Económica Mundial I. A organización didáctica conxunta das dúas materias pretende que o alumnado dispoña duns coñecementos teóricos que lle permitan comprender os aspectos fundamentais da análise estrutural en economía; dotar ao alumnado dun coñecemento básico da estrutura e configuración da economía mundial actual como marco no que se insiren as economías europea, española e galega. A finalidade é que aprendan a analizar a economía mundial cos instrumentos propios dunha metodoloxía sistémica, que saiban interpretar as súas características actuais con referencias históricas, a súa evolución e movementos cíclicos e, coñezan os elementos relacionais que hai detrás dos modelos de acumulación.

A programación docente da materia Estrutura Económica Mundial II: Desenvolvemento Económico está formada por catro unidades didácticas, como se indica no seguinte diagrama.



Aquí preséntase a primeira unidade, que aborda o desenvolvemento económico, dende unha perspectiva conceptual, teórica e de evolución histórica. Tamén se centra na análise das relacións entre desenvolvemento e subdesenvolvemento e, da realidade económica mundial actual, prestando especial atención ás características e problemas dos países non desenvolvidos. Esta unidade é de carácter introdutorio, mais resulta fundamental para a comprensión da economía mundial e a dicotomía desenvolvemento-subdesenvolvemento. Está directamente relacionada coas outras tres unidades. Na segunda unidade analízase a cuestión

ambiental e a importancia dos recursos naturais como factores para o crecemento económico e para acadar o desenvolvemento sustentable. Na terceira unidade estúdanse as características actuais dos distintos sectores económicos no ámbito desenvolvido e no subdesenvolvido, os elementos claves na evolución dos distintos sectores e a súa influencia no desenvolvemento. Por último, a unidade catro trata a análise espacial da economía mundial, destacando a heteroxeneidade existente non só entre as áreas desenvolvidas e as non desenvolvidas e as desigualdades no crecemento, senón tamén a crecente diversidade dentro do mundo non desenvolvido. Ademais, abórdanse as crises económicas do sistema capitalista e as súas consecuencias, prestando especial atención á crise actual.

Esta unidade diríxese ao alumnado de segundo curso de Grao en Economía matriculado na materia. Asemade, pode resultar de utilidade para o profesorado que imparte docencia tanto nese curso, como no módulo de Estrutura Económica e Desenvolvemento, para que teña un coñecemento máis preciso dos contidos abordados nesta materia e das actividades realizadas. Así, pode servir como instrumento para a coordinación de materias (en sentido horizontal e vertical), buscando sinerxías que resulten nunha mellor formación e máis integral e, que tamén eviten o solapamento de contidos que non estean pensados como un reforzo da formación.

Os contidos desta unidade didáctica impartiranse en 16 horas, sendo 10 expositivas e 6 interactivas.

Queremos facer explícito o noso agradecemento ao alumnado matriculado na materia correspondente ao Grupo Expositivo 2 (quenda de tarde) dende o curso 2009/2010 ata o 2012/2013, pola súa colaboración para contribuír colectivamente a unha mellor docencia e formación. Un recoñecemento especial para o último curso (2012/2013), pois coa manifestación das súas inxerencias intelectuais e unha actitude moi positiva, activa e colaboradora, demostraron que o proceso de ensino-aprendizaxe é interactivo, podendo xogar o alumnado un papel protagonista na súa formación e non converterse en simple receptor do que o profesorado pretende transmitir. Asemade, esa dinámica de participación con contribucións de interese e a procura continuada da reflexión e do debate leva a ampliar e reforzar os coñecementos, pero aínda máis importante ao desenvolvemento doutras capacidades como as actitudes e os valores. Estas capacidades son importantes no proceso de formación, mais tamén para a súa futura actividade profesional. Por último, un agradecemento ao profesor Xoán Ramón Doldán García, pola súa colaboración e bo facer durante todo o tempo que compartimos a docencia desta materia.

OS OBXECTIVOS

A materia Estrutura Económica Mundial II: Desenvolvemento Económico impartida no segundo curso é continuación de Estrutura Económica Mundial I. Conxuntamente estas materias pretenden que o alumnado adquira a capacidade analítica necesaria

para interpretar os fenómenos e enfrontarse aos novos escenarios que xurdan na economía mundial. Tamén ofrecen a base para a aplicación en cursos posteriores da análise estrutural ao estudo da economía europea, española e galega, así como as posibilidades de desenvolvemento no eido rexional e local e dende unha perspectiva sustentable.

Os obxectivos da materia Estrutura Económica Mundial II: Desenvolvemento Económico son os seguintes:

- **obxectivo xeral 1:** Dispoñer duns coñecementos teóricos que permitan comprender os aspectos fundamentais da análise estrutural en economía e algunhas pautas da formación do sistema económico mundial;
- **obxectivo xeral 2:** Analizar a economía mundial cos instrumentos propios dunha metodoloxía sistémica;
- **obxectivo xeral 3:** Interpretar as características actuais da economía mundial con referencias históricas, a súa evolución e movementos cíclicos;
- **obxectivo xeral 4:** Coñecer os elementos relacionais que hai detrás dos modelos de acumulación;
- **obxectivo xeral 5:** Detectar e comprender as características estruturais do sistema económico, como as relacións económicas mundiais, as desigualdades existentes, os problemas globais ou os aspectos institucionais;
- **obxectivo xeral 6:** Coñecer as características das estruturas dos países centrais e dos periféricos, a división internacional do traballo na que se insiren e o ámbito institucional no que se desenvolven ditas relacións;
- **obxectivo xeral 7:** Coñecer e valorar a diversidade das estratexias de desenvolvemento.

As competencias da titulación ás que contribúe a materia son as seguintes:

- **competencia xeral 1:** Saber elaborar e defender argumentos sobre cuestións económicas, desenvolvendo a capacidade analítica;
- **competencia xeral 2:** Saber identificar, reunir e interpretar datos relevantes sobre cuestións relacionadas co ámbito económico;
- **competencia xeral 3:** Saber organizarse colectivamente para a realización de traballos en equipo.

As competencias específicas desta materia son as seguintes:

- **competencia específica 1:** Coñecer os conceptos e técnicas básicas da economía aplicada necesarios para a comprensión dos contidos da materia;

- **competencia específica 2:** Coñecer e interpretar a realidade económica mundial e os seus cambios e interrelacións;
- **competencia específica 3:** Comprender o papel e funcionamento das institucións económicas internacionais;
- **competencia específica 4:** Familiarizarse coas fontes de información estatística de carácter periódico sobre cuestións relacionadas cos contidos da materia;
- **competencia específica 5:** Familiarizarse coa prensa económica e realizar un seguimento da actualidade económica a nivel mundial, para comprobar na realidade a comprensión dos contidos da materia.

A primeira unidade didáctica aborda o desenvolvemento económico, as diferenzas e relacións entre desenvolvemento e subdesenvolvemento, a realidade económica mundial actual e os problemas dos países non desenvolvidos. Tendo en conta os obxectivos propostos nesta unidade, á súa finalización o alumnado deberá ser capaz de:

- **obxectivo 1:** Coñecer o concepto de desenvolvemento e a súa evolución e comprender a natureza multidimensional do desenvolvemento;
- **obxectivo 2:** Comprender a realidade do desenvolvemento e do subdesenvolvemento e as súas relacións;
- **obxectivo 3:** Identificar as economías desenvolvidas, subdesenvolvidas e emerxentes segundo os criterios de medición e indicadores utilizados a nivel internacional;
- **obxectivo 4:** Coñecer as distintas teorías explicativas do desenvolvemento e valorar a súa aplicabilidade á realidade económica actual, tanto a nivel mundial como dun país ou rexión;
- **obxectivo 5:** Coñecer o proceso de conformación do centro e da periferia no sistema económico mundial;
- **obxectivo 6:** Analizar as relacións (económicas) entre centro e periferia e as súas consecuencias, especialmente no ámbito comercial e financeiro;
- **obxectivo 7:** Estudar a orixe do problema da débeda externa, as súas consecuencias e as posibles alternativas para aliviar o problema;
- **obxectivo 8:** Coñecer os mecanismos de axuda externa e analizar as súas implicacións para a dependencia;
- **obxectivo 9:** Afondar na realidade económica dos países subdesenvolvidos no sistema mundial e identificar os principais problemas aos que se enfrontan os países non desenvolvidos;

- **obxectivo 10:** Describir os Obxectivos do Milenio para coñecer esta iniciativa e valorar o grao de avance na súa consecución;
- **obxectivo 11:** Manexar as fontes estatísticas oficiais relacionadas co desenvolvemento e o subdesenvolvemento e interpretar os datos aplicando os contidos desta unidade;
- **obxectivo 12:** Aplicar os coñecementos desta unidade para a análise e interpretación da realidade económica mundial a través da lectura da prensa especializada, artigos e informes.

Os obxectivos desta unidade didáctica contribúen a que o alumnado acade os obxectivos 1, 4, 5, 6 e 7 da materia; as competencias xerais 2 e 3; e as competencias específicas 2, 3, 4 e 5.

OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

De acordo coa filosofía do Espazo Europeo de Educación Superior, para o ensino da materia utilizaranse as clases expositivas e interactivas, complementadas coas titorías e a formación de grupos de traballo tutelados.

As clases expositivas constitúen necesariamente o eixo central para o desenvolvemento do programa, mais nelas as explicacións do profesorado débense acompañar coa participación activa do alumnado, mediante preguntas e debates. O método afirmativo, tanto expositivo como demostrativo, combinarase co método de elaboración interrogativo. Tendo en conta o tempo dispoñible para impartir a materia, o método de elaboración por descubrimento só se empregará nalgunha actividade interactiva.

A exposición dos contidos temáticos da materia coordínase cun programa de clases interactivas, que permitan afondar nos conceptos e técnicas de análise empregados nas diversas leccións. Servirían, por exemplo, para familiarizar ao alumnado co manexo das fontes estatísticas máis importantes, para o debate sobre certos temas (preferentemente cuestións candentes) ou o comentario de textos. Neste último caso, partiríase dalgún texto distribuído previamente relacionado cos contidos da unidade didáctica, designando a varios/as alumnos/as que actúen como relatores das ideas principais do texto e da súa opinión antes da discusión conxunta.

Como unha das competencias que se pretende acadar con esta materia é a organización do traballo en grupo, constituiranse grupos de traballo para a realización de distintas tarefas que deben entregar por escrito ademais de expoñer: elaboración de estudos sobre determinados temas, busca e análise de datos ou comentarios de textos. Este tipo de actividades ten unha tripla finalidade:

- Fomentar que o alumnado sexa partícipe da construción do coñecemento, adoptando unha actitude reflexiva, crítica e con valores éticos.

- Fomentar o uso de libros, revistas, estatísticas, bases de datos e, en xeral, do material dispoñible en bibliotecas ou hemerotecas ou accesible noutros lugares.
- Conseguir que adquiran unha certa experiencia para acometer a preparación e redacción de informes, así como a súa presentación e defensa ante os compañeiros e o profesorado.

O alumnado contará co apoio e orientación do profesorado, tanto para a realización das distintas actividades como para calquera outra consulta ou dúbida relacionada coa materia ou a súa formación académica. Nese sentido, as titorías son un sistema pedagóxico complementario destinado a facilitar a comunicación e o intercambio de opinións entre o profesorado e o alumnado. O seu obxectivo esencial é constituírse nunha continuación das clases, permitindo resolver as dúbidas que non quedasen suficientemente clarificadas na clase e, sobre todo, guiar ao alumnado nos proxectos de traballo que estean desenvolvendo ou propoñer extensións e ampliacións dos temas tratados nas clases ou a súa aplicación a outros contextos. Ademais, a titoría é unha boa fonte de información xeral sobre como se está desenvolvendo o curso. As cuestións que se presenten repetidamente nas titorías son indicativas do interese do alumnado por estes temas, ou ben das deficiencias na comprensión dos mesmos.

Por último, utilizarase a Aula Virtual como medio de apoio ao desenvolvemento da materia. Nesa plataforma, ademais de contar co material empregado nas clases expositivas e a descrición das tarefas e composición dos grupos para as actividades interactivas, terán a súa disposición material complementario e ligazóns de interese. Ademais, promoverase a utilización dos foros para o comentario de noticias económicas e vídeos ou para debater sobre temas actuais relacionados coa materia.

OS CONTIDOS BÁSICOS

Esta unidade didáctica céntrase na análise do desenvolvemento e subdesenvolvemento económico, como dous fenómenos claramente relacionados. Aínda que ten carácter introdutorio é a máis ampla. Os seus contidos estrutúranse en oito epígrafes.


1. Introducción

En primeiro lugar, presentaranse os obxectivos e contidos do tema dende unha perspectiva global e sistémica, para entender por que se debe estudar o desenvolvemento. A continuación, formularanse unha serie de cuestións para avaliar o nivel de coñecementos previo do alumnado. Por exemplo, preguntárase que significa unha análise estrutural, que entenden por desenvolvemento, a súa relación co crecemento económico, que dimensións inclúe o desenvolvemento,

como se identifican os países desenvolvidos, cales son as características dos países desenvolvidos e subdesenvolvidos, ou se prefiren ser ricos nun país pobre ou pobres nun país rico.

Tras coñecer as respostas do alumnado, debater e ir comentando contidos que se desenvolverán na materia para responder a esas cuestións dun modo fundamentado, presentaranse algúns feitos e datos que describan a diversidade económica a nivel mundial. Así, resulta ilustrativo presentar algúns mapas nos que se utiliza unha escala distinta á habitual, pois o tamaño dun país non vén determinado pola súa superficie, senón que está relacionado co valor do indicador que se analiza. Preténdese que o alumnado vaia comentando eses mapas cos seus coñecementos previos. Como exemplo, preséntase o seguinte mapa.

Mapa 1. Pobreza



Fonte: www.worldmapper.org

2. Desenvolvemento e subdesenvolvemento

Comézase por precisar a terminoloxía máis utilizada no ámbito do desenvolvemento. Dese xeito, aclárase o significado de termos como Terceiro Mundo, países periféricos, países desenvolvidos, países en desenvolvemento, países menos adiantados, países do Sur, novos países industrializados, ou as novas economías emerxentes e as súas clasificacións (BRIC, BRICS, Next-11, Eagles).

A continuación, preséntanse as características estruturais no eido socioeconómico dos países desenvolvidos e subdesenvolvidos.

Tamén se abordan os principais indicadores para identificar aos países desenvolvidos e en subdesenvolvemento. O Programa de Nacións Unidas para o Desenvolvemento publica anualmente o Informe sobre o Desenvolvemento Humano.

A ONU establece os criterios para definir aos países menos adiantados segundo tres criterios: baixos ingresos, recursos humanos febles e diversificación económica. O Banco Mundial distingue catro grupos de países polo nivel do seu Produto Nacional Bruto per cápita: países de ingresos baixos, medio-baixos, medio-altos e altos. Outras clasificacións están relacionadas coa débeda (economías acreedoras netas ou debedoras netas; países altamente endebedados, moderadamente endebedados ou menos endebedados; ou países pobres moi endebedados).

O **Índice de Desenvolvemento Humano** é unha medida do desenvolvemento humano.

Considera **tres dimensións** básicas de desenvolvemento humano: **saúde, educación e ingresos**.

Serve para identificar aos países desenvolvidos e en desenvolvemento.

Despois, analízase o concepto de desenvolvemento e a súa evolución ao longo da segunda metade do século XX. Así, partindo dun concepto de desenvolvemento que o identificaba con crecemento económico, vaise ampliando ata incluír aspectos sociais, ambientais e de desenvolvemento humano. Tamén se presta atención á relación e diferenza entre desenvolvemento e crecemento económico e á consideración das causas do desenvolvemento/crecemento por algúns dos principais pensadores económicos e das correntes actuais.

O **desenvolvemento** implica elementos cuantitativos (crecemento económico) e cualitativos (modernización económica e social). O obxectivo último é mellorar a calidade de vida da poboación e aumentar a cohesión social

3. A economía do desenvolvemento e as diversas teorías

Neste apartado defínese a economía do desenvolvemento e o seu obxecto de estudo, analízanse as razóns que explican o seu xurdimento e a súa evolución ao longo do tempo. Tamén se estudan as teorías máis coñecidas sobre o desenvolvemento económico.

3.1. O nacemento da economía do desenvolvemento

A economía do desenvolvemento constitúe unha disciplina recente, que estuda a economía dos países non desenvolvidos. Parte da base de que a súa realidade económica e as súas características estruturais e problemas específicos son moi diferentes das dos países desenvolvidos. Polo tanto, deben abordarse dende unha perspectiva analítica propia e diferenciada da que se utiliza para as economías avanzadas.

Esta nova perspectiva ten orixe a mediados da década dos corenta, coincidindo co proceso de descolonización. Diversas causas poden explicar o seu nacemento:

- A difusión das ideas keynesianas;
- A aparición de economistas de Europa do Leste e Central e dos propios países subdesenvolvidos (especialmente de América Latina) preocupados polo desenvolvemento;
- O proceso de descolonización e o xurdimento de gobernos que buscan lexitimidade e promoven estratexias para o desenvolvemento;
- A creación de organismos internacionais encargados de ámbitos relacionados co desenvolvemento;
- A desigualdade crecente a nivel mundial e os problemas socioeconómicos dos países subdesenvolvidos.

Como sucedeu co concepto de desenvolvemento, a economía do desenvolvemento tamén foi evolucionando ao longo do tempo. Pode falarse dunha etapa inicial, na que se desenvolven moitas teorías, caracterizada por unha gran confianza nas posibilidades do desenvolvemento. Existe diverxencia nas estratexias para acadar o desenvolvemento. Así, algúns autores propoñen un crecemento equilibrado e outros un crecemento desequilibrado. Pouco a pouco, vaise impondo unha orientación máis neoclásica, plasmada claramente nas políticas de axuste estrutural de corte neoliberal aplicadas durante a década dos oitenta nos países subdesenvolvidos. Polo tanto, dende finais dos anos setenta obsérvase o declive da economía do desenvolvemento. Entre as causas deste ocaso cómpre destacar a industrialización dos países do Leste de Asia.

3.2. As teorías sobre o desenvolvemento económico

Entre a grande variedade de teorías sobre o desenvolvemento que aparecen na segunda metade do século XX, pode establecerse unha diferenciación entre teorías ortodoxas e heterodoxas. Esta clasificación establécese segundo a resposta a dúas cuestións:

- Se é necesaria unha análise teórica diferente para explicar os problemas dos países subdesenvolvidos ou é válida a mesma análise que para os países desenvolvidos;
- Se o comercio internacional xera beneficios para países desenvolvidos e subdesenvolvidos.

Entre as teorías ortodoxas, a contribución máis representativa é a de Rostow. Este autor considera que todas as sociedades pasan por varias etapas ata acadar

o desenvolvemento. O desenvolvemento considérase un proceso lineal, universal e inevitable. Outras teorías ortodoxas son o dualismo de Lewis, o círculo vicioso da pobreza de Nurkse ou o enfoque das necesidades básicas de Chenery e Streeten.

Dende a perspectiva heterodoxa, cómpre destacar o enfoque centro-periferia, desenvolvido por Prebisch en 1950; e a teoría da dependencia, iniciada por Baran a finais da década dos cincuenta. O enfoque centro-periferia considera que a estrutura económica mundial está formada por dous polos: o centro e a periferia. O comercio internacional non reduce as diferenzas entre eses dous polos e non contribúe ao desenvolvemento económico, debido ao deterioro da relación real de intercambio que afecta aos países subdesenvolvidos. A teoría da dependencia considera que o subdesenvolvemento é o resultado do proceso de desenvolvemento capitalista a nivel mundial. En consecuencia, desenvolvemento e capitalismo periférico son incompatibles. Na escola da dependencia hai moitos autores e mesmo distintas correntes. Entre os autores, cabe mencionar a Frank, Amin, Dos Santos, Furtado, Sunkel ou Cardoso.

4. A configuración do centro e a periferia na economía mundial: do imperialismo ao neoimperialismo e mundialización

Neste apartado abórdase o proceso de expansión exterior do capitalismo en varias fases, relacionadas coas distintas formas de internacionalización do capital. As primeiras fases (colonialismo e imperialismo) conducen á formación do Sistema Capitalista Mundial. Posteriormente, ese Sistema consolídase no contexto de mundialización e neoimperialismo, tras a descolonización.

4.1. A expansión do capitalismo: o imperialismo

Tras definir os conceptos de colonialismo e imperialismo, analízase o seu papel no desenvolvemento do capitalismo. En particular, a atención céntrase no proceso de expansión do capitalismo cara ao exterior. As dúas primeiras fases dese proceso derívanse do distinto nivel de desenvolvemento entre países e implica dependencia política e económica.

Comezando polo colonialismo, a forma de internacionalización é a do capital-mercancía, mais o intercambio comercial realízase en termos desiguais. No imperialismo ou fase superior do capitalismo (1870-1945), a principal forma de internacionalización é a do capital-diñeiro. O investimento obtén maior rendibilidade nas colonias.

Para valorar os efectos económicos (e, en particular, comerciais) do colonialismo e imperialismo, utilízase o exemplo do que sucedeu na India como consecuencia da súa dependencia do imperio británico. O imperialismo significa a universalización do capitalismo.

Por último, analízase a repartición das colonias, especialmente as pertencentes ao continente africano, entre as potencias imperialistas.

4.2. Os procesos de independencia: neoimperialismo e neocolonialismo

O proceso de descolonización ten lugar, fundamentalmente, despois da Segunda Guerra Mundial. Nese contexto, consolídase o Sistema Económico Mundial, coincidindo os procesos de neoimperialismo e mundialización económica. A principal forma de internacionalización é o capital produtivo, aparecendo as multinacionais.

4.3. Quebras históricas do sistema

Como consecuencia do desenvolvemento do capitalismo e a súa expansión cara ao exterior, as formacións sociais non capitalistas convértese en colonias, que sofren unha forte desestruturación económica e social. Esa situación tradúcese en inestabilidade, que nalgúns casos conduciu a procesos de desconexión co Sistema Capitalista Mundial. O caso máis destacado é o da revolución rusa e a súa extensión cara aos países socialistas da súa órbita. Tamén se analizará a experiencia chinesa.

5. O desenvolvemento capitalista no centro e na periferia

As diferenzas entre o capitalismo nos países do centro e nos periféricos son notables. A principal diferenza está representada polo carácter autónomo do capitalismo no centro e, en cambio, o seu carácter inducido, externo ou dependente na periferia.

O modelo de acumulación capitalista na periferia presenta como características a especialización, extraversión, desarticulación, desintegración e dependencia. Todos estes trazos reflíctense na dependencia dos países periféricos, tanto en termos comerciais, como tecnolóxicos ou económicos.

Polo tanto, poden distinguirse dous tipos de desenvolvemento do capitalismo: o autocentrado, característico do centro; e o extravertido, propio da periferia, que favorece o subdesenvolvemento.

6. As relacións centro-periferia

Unha vez identificadas as características estruturais do centro e da periferia e as diferenzas dos seus modelos de acumulación, deben analizarse as súas relacións económicas. A importancia deste tema é maior se temos en conta que esas relacións actúan, á súa vez, como mecanismo de reprodución da estrutura económica mundial. Por outra banda, as relacións económicas centro-periferia son consecuencia das características estruturais, como a especialización produtiva dos distintos territorios. Outro elemento que se debe considerar é a política comercial seguida polos países desenvolvidos.

O principal aspecto que se debe estudar é o comercial, pois o ámbito financeiro abórdase no seguinte apartado. Trátase de comprobar se o comercio mundial favorece o desenvolvemento dos países periféricos ou, se pola contra, o obstaculiza.

Analizarase tanto a participación actual no comercio mundial total e por tipos de produto das distintas rexións, segundo nivel de desenvolvemento, como a súa evolución ao longo do tempo. Así, constatarase a crecente importancia de Asia no comercio mundial durante as últimas dúas décadas. Pola contra, o continente africano presenta un carácter marxinal no comercio mundial. En todo caso, os principais cambios na distribución territorial do comercio obsérvanse dentro do grupo, máis que entre países centrais e periféricos. Así, cada un deses polos, en conxunto, tende a manter a súa importancia, polo menos ata finais do século XX. Asemade, os cambios no tipo de produto no que están especializadas as rexións limitanse aos novos países industrializados do Leste de Asia e a algunhas economías emerxentes (fundamentalmente en Latinoamérica).

Cómpre salientar que a dependencia comercial da periferia con respecto ao centro é nun dobre sentido: os países centrais abastecen aos periféricos de moitos produtos, pero tamén son os principais compradores dos produtos que exporta a periferia.

Por último, realizarase unha referencia ao comercio tecnolóxico entre o centro e a periferia.

7. A débeda externa e a axuda ao desenvolvemento como mecanismos de dependencia

Esta epígrafe aborda primeiramente o problema da débeda externa, analizando a súa orixe, as súas consecuencias e as alternativas para o alivio da débeda. En segundo lugar, analizaranse os mecanismos de cooperación e axuda externa e os seus efectos para os países non desenvolvidos.

7.1. A débeda externa e a crise do sistema monetario internacional

Unha das características estruturais das economías periféricas é o seu limitado aforro interno. Polo tanto, precisan financiamento externo.

Tras analizar as causas do endebedamento, defínese a débeda externa e analízase a súa composición (débeda bilateral, multilateral ou privada).

A débeda externa é o conxunto da débeda que ten un país co estranxeiro. Inclúe a débeda pública e a privada, tanto de curto como de longo prazo.

Máis que o valor absoluto da débeda importa o seu impacto sobre a economía, a través de indicadores relativos como: débeda externa/PIB, débeda externa/exportacións e servizo da débeda/exportacións.

Para comprender o problema da débeda externa, deben definirse os distintos tipos de fluxos financeiros e a súa evolución dende 1950. A crise da débeda externa prodúcese en agosto de 1982, cando México decide unha moratoria unilateral de pagos, dada a imposibilidade de cumprir coas súas obrigas financeiras. Ese problema estendeuse a outros países.

Entre os factores causantes da crise da débeda externa, cómpre salientar a crise internacional. Como resultado, elévanse as taxas de xuro dos países centrais e o conseguinte incremento dos custos da débeda. Tamén se reduce o comercio internacional.

Por último, comentáranse as distintas alternativas propostas dende os anos oitenta para resolver ou aliviar este problema e a súa efectividade.

7.2. A axuda ao desenvolvemento como mecanismo de dependencia

A axuda ao desenvolvemento ten a súa orixe a mediados do século XX. Cómpre distinguir entre o concepto máis amplo de cooperación e o de axuda ao desenvolvemento, no que se require que sexa realizado por organismos oficiais e, que exista concesionalidade.

Analízase a evolución da axuda e os distintos instrumentos e formas de cooperación utilizadas, así como os novos axentes que van aparecendo.

Outras cuestións que se abordarán son a suficiencia ou escaseza de recursos, o seu grao de eficacia e as distintas políticas aplicadas nos países. Como exemplo, aínda que en 1970 a ONU establece o compromiso de destinar o 0,7% do PIB á axuda ao desenvolvemento, só o cumpren moi poucos países.

8. Os países subdesenvolvidos na economía mundial actual

Malia á heteroxeneidade crecente entre o mundo subdesenvolvido (aspecto que se trata na Unidade Didáctica IV), nesta última epígrafe preséntanse os trazos socioeconómicos que causan o subdesenvolvemento. No eido económico, cómpre salientar o baixo nivel de renda per cápita, o limitado aforro interno, a importancia do sector primario ou a súa inserción económica e comercial no ámbito internacional. No que se refire ao ámbito social, destacan o forte crecemento demográfico, os baixos niveis educativos e sanitarios e as elevadas desigualdades. Por último, hai que mencionar outros factores, como os aspectos institucionais. Non poden obviarse os recursos naturais e a súa relación co desenvolvemento económico.

Tamén se abordan os problemas propios dos países subdesenvolvidos, como poden ser a pobreza, a desigualdade, o crecemento demográfico, a fuga de cerebros ou, o limitado peso económico e político a nivel mundial. Debáteranse algunhas propostas para tratar de solucionarlos. En particular, analizarase a iniciativa dos Obxectivos do Milenio.

ACTIVIDADES PROPOSTAS

As actividades propostas nesta unidade didáctica son de catro tipos:

- En primeiro lugar, a busca e análise de datos socioeconómicos que permita coñecer mellor a realidade económica dos países desenvolvidos e subdesenvolvidos. Así, traballarase cos datos socioeconómicos do Índice de Desenvolvemento Humano, con información dos Obxectivos do Milenio e con outras variables socioeconómicas básicas das áreas avanzadas, emerxentes e en vías de desenvolvemento. No Anexo I inclúese unha descrición máis detallada destas actividades. Nalgunha actividade o traballo realizarase exclusivamente na aula, mentres que en moitos casos o grupo responsable de realizar a actividade e expoñela terá que realizar un traballo previo.
- En segundo lugar, realizarase a lectura e comentario de textos sobre o desenvolvemento económico, que sirvan como base para o debate. Aínda que se recomenda a lectura por parte de todo o alumnado, sempre haberá un grupo relator encargado da lectura do texto e a exposición inicial previa ao debate. Non se indican os textos a comentar porque poden aparecer outros máis recentes axeitados aos contidos da materia. No Anexo II preséntanse algúns exemplos do tipo de texto que se podería empregar nesta actividade.
- Realizar un debate sobre as teorías do desenvolvemento económico, a súa vixencia e as posibilidades e estratexias de desenvolvemento para os países menos avanzados.
- Comentar noticias, temas de actualidade económica ou outro material de interese como vídeos. Esta actividade pode realizarse de xeito presencial ou virtual a través dos foros. Trátase de actividades de carácter individual.

AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

Ao igual que no conxunto da materia, esta unidade didáctica avalíase segundo o sistema de avaliación continua en tres momentos temporais: inicial, procesual e final.

- Ao inicio de cada unidade didáctica, realizaranse algunhas preguntas para avaliar o nivel de coñecementos previo do alumnado e a súa homoxeneidade. Tamén se poden utilizar afirmacións sobre as que manifestarán e xustificarán o seu acordo ou discrepancia.
- A avaliación procesual ten lugar ao longo de toda a unidade didáctica. Para iso faranse comentarios ou preguntas sobre contidos xa expostos, tanto

para comprobar o su nivel de comprensión e aclarar e reforzar o que sexa necesario, como para relacionalo cos novos contidos. Na medida en que xeralmente as clases interactivas están deseñadas para aplicar, reforzar ou ampliar coñecementos expostos nas clases, axudan nesta avaliación. Asemade, tamén pode contribuír a parte final da unidade didáctica na que se sintetiza e extraen conclusións que se poidan aplicar a outros contextos.

- Por último, a avaliación final realízase unha vez rematada a unidade didáctica, para valorar o grao de cumprimento dos obxectivos e de adquisición de coñecementos e capacidades por parte do alumnado.

No sistema de avaliación continua, a cualificación é o resultado de sumar a puntuación obtida nas preguntas do exame referidas a esta unidade e a valoración obtida nas actividades interactivas. Debe indicarse que na valoración global da materia o peso do exame final representa o 70% da cualificación e as actividades interactivas o 30%.

O obxecto da avaliación desta unidade didáctica son tanto os coñecementos sobre os contidos que conforman a unidade didáctica, como as capacidades que se pretenden conforme aos obxectivos e actividades propostos. En particular, avaliarase a participación activa nas clases, a capacidade de buscar información estatística e analizala, a capacidade de sintetizar ideas dun texto e opinar fundadamente utilizando os contidos da unidade, a capacidade de traballar en grupo e as habilidades comunicativas.

En canto aos instrumentos utilizados na avaliación, combínanse preguntas a desenvolver curtas no exame, coa calidade das actividades realizadas e a observación das capacidades de traballo en grupo, comunicación de ideas e participación. Tamén se emprega a observación e o conxunto de información reunida sobre cada estudante ao longo de toda a unidade didáctica, para valorar a súa evolución e mellora. Neste sentido, unha vez entregada cada tarefa, o profesorado realiza unha valoración cualitativa desa actividade, tanto no que se refire aos contidos como ás capacidades. Así, infórmase ao alumnado dos aspectos ben realizados e daqueles que pode mellorar, no sentido de estimulalos no proceso de aprendizaxe e achegarlle información útil para o seu futuro desenvolvemento académico e profesional.

ANEXOS

Anexo 1. Actividades sobre a realidade socioeconómica dos países desenvolvidos e subdesenvolvidos

Actividade 1. Índice de Desenvolvemento Humano

Esta actividade desenvolverase na aula, onde se formarán varios grupos de traballo (2-3 persoas), que tomarán como base os datos publicados no último informe sobre o desenvolvemento humano dispoñible (<http://hdr.undp.org/es>). As preguntas que se intentarán responder na sesión serán do seguinte tipo:

- 1) Indicar os 10 primeiros países segundo o IDH e os 10 últimos e comparar os valores que presentan nos distintos indicadores que se utilizan para calcular o índice.
- 2) Analizar os países e rexións que presentan os valores maiores e menores nas catro variables que se utilizan para calcular o Índice de Desenvolvemento Humano.
- 3) Comprender o significado do indicador Ingreso nacional bruto per cápita menos o ranking no IDH e sinalar os países que presentan os maiores e menores valores nese indicador.
- 4) Indicar o IDH dun país e determinar as compoñentes dese índice. Logo agruparse por áreas rexionais para comparar os valores de países que pertencen á mesma área xeográfica.
- 5) Comparar o IDH e o valor dos distintos indicadores por grupos rexionais segundo a clasificación utilizada no Informe.
- 6) Comentar a evolución do IDH nos distintos países dende 1980 e na última década, centrándose en identificar os países que máis melloraron o seu índice e os que menos.
- 7) Explicar que son o Índice de Desenvolvemento Humano axustado pola Desigualdade, o Índice de Desenvolvemento Humano axustado pola Desigualdade de Xénero e o Índice de Pobreza Multidimensional
- 8) Indicar os cinco países que presentan un valor máis elevado e máis baixo para cada un dos tres índices mencionados no apartado anterior.
- 9) Analizar as outras dimensións que aparecen no informe e os indicadores que se utilizan nos grupos rexionais segundo a clasificación utilizada nese Informe.

Actividade 2. Estrutura produtiva, Comercio mundial e Desenvolvemento

Nesta actividade os grupos indicados deberán buscar previamente os datos e facer unha primeira análise que se expoñerá na clase. Despois traballarase na aula con máis datos.

As fontes recomendadas son as seguintes:

- Banco Mundial: *World Development Report* ou banco de datos (<http://datos.bancomundial.org/pais>).
- Fondo Monetario Internacional: *World Economic Outlook*.
- Organización Mundial del Comercio: *Estadísticas del comercio internacional e Informe Anual sobre el Comercio Mundial*.

As preguntas que se intentarán responder na sesión son do seguinte tipo:

- 1) Indicar o peso na poboación, produción e exportacións mundiais das áreas avanzadas, emerxentes e en vías de desenvolvemento.
- 2) Indicar a participación actual no comercio mundial (exportacións e importacións) das rexións do mundo segundo a clasificación da OMC.
- 3) Analizar a evolución do peso de cada área nas últimas décadas (dende 1970), destacando as tendencias positivas e as negativas.
- 4) Identificar os principais cinco países importadores e exportadores de mercancías a nivel mundial na actualidade.
- 5) Analizar a composición das exportacións e importacións mundiais de mercancías por principais grupos de produtos e rexións.
- 6) Indicar os 5 países con maior débeda externa en termos absolutos e relativos.

Actividade 3. Obxectivos do Milenio

Nesta actividade combínase un traballo previo de busca de información e primeira análise por parte dos grupos indicados con traballo e debate na aula.

As fontes recomendadas son as seguintes:

- <http://www.un.org/spanish/millenniumgoals/>
- <http://www.undp.org/content/undp/es/home/mdgoverview/>
- <http://www.worldbank.org/wdr2012>
- <http://data.worldbank.org/mdg-atlasdata.worldbank.org/mdg-atlas>

As preguntas que se intentarán responder na sesión serán do seguinte tipo:

- 1) Indicar que son os Obxectivos do Milenio.
- 2) Analizar a evolución xeral na consecución dos Obxectivos do Milenio.
- 3) Analizar as áreas cun mellor cumprimento e con peor comportamento no logro deses obxectivos.
- 4) Analizar algunhas das iniciativas con máis éxito.
- 5) Debater sobre as perspectivas de futuro dos Obxectivos do Milenio e posibles estratexias para acadar o desenvolvemento.

Actividades complementarias

Con carácter voluntario, o alumnado poderá crear na aula virtual un glosario cos termos básicos da unidade didáctica e unha base de datos sobre o Índice do Desenvolvemento Humano.

Anexo 2: Comentario de texto

Os textos para o comentario serán facilitados previamente ao alumnado e non se determinan porque pode aparecer algún texto novo (sexa artigo ou capítulo de libro) que sexa de interese para a materia. Como exemplo, pode utilizarse algún capítulo dos libros que se indican a continuación:

ACEMOGLU, Daron e James ROBINSON (2012): *Por qué fracasan los países: los orígenes del poder, la prosperidad y la pobreza*, Barcelona: Deusto.

CHANG, Ha-Joon (2004): *Retirar la escalera: la estrategia del desarrollo en perspectiva histórica*, Madrid: Catarata.

CHANG, Ha-Joon (2008): *¿Qué fue del buen samaritano?: naciones ricas, políticas pobres*, Barcelona: Intermón Oxfam.

CHANG, Ha-Joon (2012): *23 cosas que no te cuentan sobre el capitalismo*, Barcelona: Debate

MILANOVIC, Branko (2012): *Los que tienen y los que no tienen: una breve y singular historia de la desigualdad global*, Madrid: Alianza.

REINERT, Erik (2008): *La globalización de la pobreza. Cómo se enriquecieron los países ricos... y por qué los países pobres siguen siendo pobres*, Barcelona: Crítica

RODRIK, Dani (2012): *La paradoja de la globalización. La democracia y el futuro de la economía mundial*, Barcelona: Antoni Bosch.

BIBLIOGRAFÍA

Preséntase a bibliografía básica, que pode servir de axuda para a preparación dos contidos desta unidade e, a bibliografía complementaria, que permite unha aproximación máis ampla ás temáticas abordadas na unidade didáctica. Asemade, ao longo do curso facilitaráselle ao alumnado material complementario, para que poida afondar naqueles aspectos que lle resulten de maior interese. Dese xeito, na aula virtual cóntase cun cartafol de material complementario, no que se inclúen artigos e referencias de textos que permiten ampliar os coñecementos sobre os contidos da unidade didáctica.

Bibliografía básica

- BERZOSA, Carlos; Pablo BUSTELO e Jesús DE LA IGLESIA (coord.) (2010): *Estructura económica mundial*, Madrid: Síntesis.
- DURÁN, María Gemma; José Manuel GARCÍA DE LA CRUZ e Ángeles SÁNCHEZ (2013): *Estructura económica y relaciones internacionales*, Madrid: Garceta.
- GARCÍA DE LA CRUZ, José Manuel; María Gemma DURÁN e Ángeles SÁNCHEZ (coord.) (2011): *La economía mundial en transformación*, Madrid: Paraninfo.
- MARTÍNEZ, Javier e José María VIDAL (coord.) (2003): *Economía mundial*, Madrid: McGraw-Hill.

Bibliografía complementaria

- ALONSO, José Antonio (dir.) (2011): *Lecciones sobre economía mundial*, Madrid: Thomson-Civitas.
- BERZOSA, Carlos (2008): «Economía del subdesarrollo y subdesarrollo de la Economía», *Principios*, 4 (2006), 5-22.
- MAESSO, María (2011): *Manual de Economía mundial*, Madrid: Pirámide.
- MARTÍNEZ, Ángel (2007): *Economía política mundial*, vol. I e II, Barcelona: Ariel.
- REQUEIJO, Jaime (2011): *Economía Mundial*, Madrid: McGraw-Hill.
- SAMPEDRO, José Luis (2002): *El mercado y la globalización*, Barcelona: Ediciones Destino.
- SUTCLIFFE, Bob (2005): *100 imágenes de un mundo desigual*, Barcelona: Icaria.
- TAMAMES, Ramón (2010): *Estructura económica internacional*, Madrid: Alianza.
- VAN AGTMAEL, Antoine (2007): *El siglo de los mercados emergentes. Cómo una nueva clase de empresas de talla mundial se está tomando el mundo*, Bogotá: Norma.
- VIDAL, José María (1991): *América Latina y el desarrollo*, Barcelona: Universitat de Barcelona.
- VIDAL, José María; Javier MARTÍNEZ e Ramón SÁNCHEZ (eds.) (2007): *El futuro imposible del capitalismo: ensayos en memoria de José María Vidal Villa*, Barcelona: Icaria.

Citas de recursos en internet

Banco Mundial:

www.worldbank.org [en inglés] [citado 8 xullo 2013]

www.bancomundial.org [citado 8 xullo 2013]

Comisión Económica para América Latina:

<http://www.eclac.org> [citado 8 xullo 2013]

Conferencia de Nacións Unidas para o Comercio e o Desenvolvemento:

<http://unctad.org/en/Pages/Home.aspx> [en inglés] [citado 8 xullo 2013]

<http://unctad.org/es/paginas/Home.aspx> [citado 8 xullo 2013]

Fondo Monetario Internacional:

www.imf.org/external/index.htm [en inglés] [citado 8 xullo 2013]

www.imf.org/external/spanish/index.htm [citado 8 xullo 2013]

Informes de Desenvolvemento Humano da Organización de Nacións Unidas:

<http://hdr.undp.org/en> [en inglés] [citado 8 xullo 2013]

<http://hdr.undp.org/es> [citado 8 xullo 2013]

Obxectivos do Milenio:

<http://www.un.org/millenniumgoals> [en inglés] [citado 8 xullo 2013]

<http://www.un.org/es/millenniumgoals> [citado 8 xullo 2013]

<http://www.undp.org/content/undp/en/home/mdgoverview> [en inglés]
[citado 8 xullo 2013]

<http://www.undp.org/content/undp/es/home/mdgoverview>

[citado 8 xullo 2013]

Organización de Nacións Unidas:

www.un.org/en [en inglés] [citado 8 xullo 2013]

www.un.org/es [citado 8 xullo 2013]

Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico:

<http://www.oecd.org> [en inglés] [citado 8 xullo 2013]

Organización Mundial do Comercio:

www.wto.org [en inglés] [citado 8 xullo 2013]

www.wto.org/indexsp.htm [citado 8 xullo 2013]

Programa de Nacións Unidas para o Desenvolvemento:

www.pnud.org [en inglés] [citado 8 xullo 2013]

www.undp.org/content/undp/es/home [citado 8 xullo 2013]

Worldmapper:

<http://www.worldmapper.org/> [en inglés] [citado 8 xullo 2013]



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA